4.- Análise DAFO: diagnóstico estratéxico


O obxectivo deste capítulo é sintetizar e ordenar as principais conclusións que se derivan tanto da análise do marco socioeconómico descrito nos capítulos *2.- Panorama xeral* e *3.- Factores de crecemento*, como da enquisa realizada para a realización deste informe.

Non se trata de elaborar unha simple lista de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades, senón que o que se pretende é establecer as bases para elaborar unha proposta de obxectivos e estratexias de actuación, logo de realizar un balance conxunto da matriz DAFO. Dunha banda, as debilidades e fortalezas considéranse factores do ámbito interno do territorio analizado, sobre os que os axentes locais poden influír directamente, e que inciden positivamente (fortalezas) ou negativamente (debilidades) no crecemento, proxección, credibilidade ou desenvolvemento do territorio, xa que facilitan ou reducen a súa capacidade de resposta e competitividade. Por contra, os factores externos fan referencia a elementos alleos ao control dos axentes locais, e que poden xerar un impacto positivo (oportunidades) ou negativo (ameazas), pero dos que estes se poden beneficiar ou poden evitar adoptando estratexias axeitadas. Con todo, hai que ter en conta que a diferenciación entre factores endóxenos e esóxenos non está sempre claramente definida.

A modo se síntese, o **cadro 4.1.** reflicte as relacións existentes entre os diferentes epígrafes e subcapítulos dos que constaban os mencionados capítulos 2 e 3 cos diversos DAFOs que se inclúen neste capítulo 4, de tal forma que desde unha perspectiva metodolóxica se fai visible a trazabilidade do proceso de análise e diagnóstico estratéxico.

Así, as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades detectadas na análise agrúpanse en catro grandes bloques: Territorio, infraestruturas e equipamentos; Formación e capital humano; Innovación e internacionalización e Contexto económico xeral e dinámica empresarial. En temos globais, a matriz DAFO relativa á situación de Ferrol e a súa área de influencia resalta un total de

Relacións existentes entre os distintos epígrafes



4.1.

vinte e catro puntos que fan referencia a cuestións propias de Ferrolterra (dez fortalezas e catorce debilidades) e 21 referidas a factores esóxenos ao conxunto do territorio analizado (dez oportunidades e 11 ameazas).

Fortalezas

No que atinxe aos factores internos, o **cadro 4.2.** recolle un total de nove aspectos que se poden destacar como principais fortalezas do Ferrol e a súa área de influencia, agrupadas en cada un dos catro bloques mencionados anteriormente. Entre estes dez factores, un refírese á formación e capital humano; catro a elementos vinculados co territorio, infraestruturas e equipamentos; un á innovación e á internacionalización empresarial; e finalmente, os tres últimos céntranse en aspectos relativos ao contexto económico e na actividade empresarial.

- **Formación e capital humano**

F.1.- Creación do Campus industrial nos centros de Esteiro.

En xullo de 2016 presentouse o campus industrial de Ferrol, que vai pilotar sobre dous focos de especialización: Naval e oceánica e o Sector industrial. Como reflicte o Plan Estratéxico do campus, entre os seus obxectivos figuran a súa contribución como axente dinamizador do territorio e o de facer da Universidade un motor de dinamización o tecido produtivo, social e económico baseado na colaboración efectiva entre a Universidade e os distintos axentes e sector industrial.

Considérase positivo en canto ás vantaxes que ofrece para a captación futura e retención de talento no ámbito naval e o sector industrial.

Fortalezas

Formación e capital humano

F.1.- Creación do Campus industrial nos centros de Esteiro.

Territorio, infraestruturas e equipamentos

F.2.- Adecuada dotación de infraestruturas básicas na área de Ferrol (agás ferroviarias), se ben considérase necesaria a súa mellora.

F.3.- Impacto positivo do Porto de Ferrol, tanto o interior como o exterior, no desenvolvemento socioeconómico de Ferrol e a súa área de influencia.

F.4.- Dispoñibilidade de solo empresarial.

F.5.- Existencia dun Plan de Transporte Metropolitano na área de Ferrol.

Innovación e internacionalización

F.6.- Capacidade de exportación actual.

Contexto económico xeral e actividade empresarial

F.7.- Maior volume de ingresos medios por persoa e unidade de consumo en relación ao conxunto da Comunidade Autónoma.

F.8.- Capital humano acumulado e instalacións necesarias en sectores estratéxicos como o sector naval e a industria auxiliar.

F.9.- O sector enerxético (tanto renovable como non renovable), así como os servizos conseguiron ser motores económicos importantes para as comarcas.

4.2.

• Territorio, infraestruturas e equipamentos

F.2.- Adecuada dotación de infraestruturas básicas na área de Ferrol, se ben considérase necesaria a súa mellora.

Un amplo sector dos entrevistados na enquisa percibe como suficientes as infraestruturas xa dispoñibles, agás o ferrocarril (pasaxeiros e mercadorías), se ben entenden que é preciso a mellora das xa existentes, en especial as relacionadas coas comunicacións terrestres e o aumento da conectividade.

Neste senso, entre as principais medidas urxentes ou prioritarias reflectidas na devandita enquisa non aparecen as relacionadas coas infraestruturas, senón outras vinculadas co plan de emprego, sector naval ou a diversificación da actividade produtiva.

F.3.- Impacto positivo do Porto de Ferrol, tanto o interior como o exterior, no desenvolvemento socioeconómico de Ferrol e a súa área de influencia.

Ademais da súa función como centro loxístico, os portos compórtanse como verdadeiros eixos de actividade e desenvolvemento do seu *hinterland* máis próximo. Cómpre destacar que coa posta en marcha do porto exterior, Ferrol conta cun peirao de 1.515 metros e 20 metros de calado o que lle permite adecuarse ás características dos novos buques.

F*.4.- Dispoñibilidade de solo empresarial.*

Os 10 parques empresariais e polígonos industrias de Ferrolterra contan na actualidade con máis de 60 hectáreas dispoñibles, o que representa en torno ao 14,5% da superficie total. Asemade, cómpre resaltar que os parques empresariais de As Somozas e Pontedeume, ambos promovidos polo IGVS

presentan un prezo bonificado do 50%.

F.5.- Existencia dun Plan de Transporte Metropolitano na área de Ferrol.

O 21 de marzo de 2011 implantouse o Plan de Transporte Metropolitano na área de Ferrol, tendo como obxectivo fundamental o de mellorar a mobilidade e accesibilidade no contorno de Ferrol, e por tanto, dar cobertura ás necesidades reais da poboación da área.

- **Innovación e internacionalización**

F.6.- As empresas de Ferrolterra presentan unha boa capacidade de exportación actual.

Os datos recollidos na enquisa reflicten que máis da metade das empresas do territorio exportan, salientando as actividades relacionadas coa transformación da madeira que son as que presentan unha maior capacidade exportadora.

- **Contexto económico xeral e actividade empresarial**

F.7.- Maior volume de ingresos medios por persoa e unidade de consumo en relación ao conxunto da Comunidade Autónoma.

Dende o comezo da crise económica, a área de influencia de Ferrol presenta, con carácter xeral, uns ingresos medios mensuais por persoa e unidade de consumo do fogar superiores á media galega. Non obstante, tendo en conta a situación dos grandes concellos de Galicia, o municipio de Ferrol presenta sempre uns niveis de ingresos inferiores aos outros dous grandes concellos da provincia de A Coruña.

F.8.- Capital humano acumulado e instalacións necesarias en sectores estratéxicos como o sector naval e a industria auxiliar.

A vinculación histórica da área de influencia de Ferrol con sectores como o naval e a industria auxiliar permitiu acumular unha importante experiencia, saber facer e cualificación profesional nas devanditas ramas de actividade. Isto favorecerá a transferencia de coñecemento e capitalización de experiencias o que permitirá o desenvolvemento de actividades innovadoras e a mellora da competitividade so tecido produtivo de Ferrolterra.

F.9.- O sector enerxético (tanto renovable como non renovable), así como os servizos conseguiron ser motores económicos importantes para as comarcas.

Xunto aos sectores mencionados na fortaleza anterior, cómpre destacar que o sector enerxético e os servizos compórtanse como os sectores de máis futuro para o desenvolvemento do territorio.

Debilidades

No concernente ás debilidades, o **cadro 4.3.** reflicte quince aspectos que inciden negativamente no crecemento, proxección, credibilidade ou desenvolvemento do territorio ao reducir a súa capacidade de resposta e competitividade. Entre estes factores, catro fan referencia á formación e capital humano; tres a elementos vinculados co territorio, infraestruturas e equipamentos; dous á innovación e á internacionalización empresarial; e os sete restantes céntranse en aspectos relativos ao contexto económico e na actividade empresarial.

- **Formación e capital humano**

D.1.- Perda poboacional de Ferrol e a súa área de influencia, sendo esta moi superior á media galega.

O conxunto das comarcas de Ferrolterra presenta dende o ano 1998 unha clara tendencia demográfica decrecente, caída que no caso da Comunidade Autónoma se aprecia máis tarde a partir do ano 2010.

Debilidades

Formación e capital humano

D.1.- Perda poboacional de Ferrol e a súa área de influencia, sendo esta moi superior á media galega.

D.2.- Crecente deslocalización do capital humano.

D.3.- Insuficiente grado de conexión da Universidade e centros de Formación Profesional co entorno e as súas necesidades sociais e empresariais.

D.4.- Reducido grao de eficiencia da Formación Profesional e a Formación Continua.

Territorio, infraestruturas e equipamentos

D.5.- Falta de desenvolvemento ou actualización das normas de planeamento urbanístico municipal.

D.6.- Insuficiencia do sistema de transporte público que axude a vertebrar o territorio.

D.7.- Deficiencias na rede de infraestruturas ferroviarias e da conexión intermodal.

Innovación e internacionalización

D.8.- Reducida actividade dos centros tecnolóxicos públicos e inexistencia de centros tecnolóxicos privados de I+D+i.

D.9.- Valoración negativa da relación coa Universidade e a actividade de I+D+i.

Contexto económico xeral e actividade empresarial

D.10.- Elevada porcentaxe de poboación en situación de risco de pobreza ou exclusión social no concello de Ferrol.

D.11.- Elevada importancia relativa das prestacións como principal vía de ingresos.

D.12.- Volume de débeda viva por habitante superior á media galega.

D.13.- Elevada concentración da actividade produtiva en termos de facturación e xeración de valor engadido.

D.14.- Forte contracción da industria da construción naval.

D.15.- Deterioro urbanístico da cidade de Ferrol

4.3.

Dende o comezo da crise económica Ferrol e a súa área de influencia, a caída poboacional foi resultado tanto dun saldo vexetativo negativo (maior número de defuncións que de nacementos) como dun saldo migratorio tamén negativo (saen máis persoas cara outras zonas de Galicia, España ou ao estranxeiro que as que chegan).

D.2.- Crecente deslocalización de capital humano.

Ligado ao punto anterior, cómpre mencionar que esta tendencia descendente ten un impacto directo no mercado de traballo, que rexistra unha merma da poboación potencialmente activa, sendo esta caída especialmente significativa no concello de Ferrol. A consecuencia directa desta evolución é unha menor dispoñibilidade de capital humano e polo tanto, unha limitación da capacidade de recuperación e rexeneración da actividade produtiva e do tecido empresarial do territorio.

D.3.- Insuficiente grado de conexión da Universidade e centros de Formación Profesional co entorno e as súas necesidades sociais e empresariais.

A Universidade e os centros de FP amósanse distantes no que atinxe á influencia sobre as perspectivas económicas do conxunto das comarcas de Ferrolterra xa que tan so o 29% dos enquisados considera a Universidade como organismo facilitados para o desenvolvemento económico do territorio, sendo esta porcentaxe do 24,2% no caso dos centros de FP. Con carácter xeral estes deberían estar máis presentes na realidade de Ferrol e a súa área de influencia aportando solucións e melloras que impliquen unha maior calidade de

vida das persoas e unha maior capacidade competitiva do tecido produtivo.

D.4.- Reducido grao de eficiencia da Formación Profesional e a Formación Continua.

Valórase negativamente o grao de adecuación e vinculación destes estudos aos sectores estratéxicos así como ás necesidades e obxectivos empresariais no ámbito da cualificación dos seus recursos humanos.

• Territorio, infraestruturas e equipamentos

D.5.- Falta de desenvolvemento ou actualización das normas de planeamento urbanístico municipal.

Entre as accións prioritarias ou urxentes a desenvolver está a aprobación ou actualización dos plans xerais de ordenación municipal (PXOM). A súa carencia supón un obstáculo para adecuar a situación urbanística ás necesidades da sociedade actual xa que os PXOM actúan como instrumentos para a organización do territorio.

A demanda da súa aprobación é máis acusada no caso da administracións municipais que no das empresas, valorándose como máis urxente no municipio de Ferrol que nos concellos de As Pontes e Narón.

D.6.- Insuficiencia do sistema de transporte público que axude a vertebrar o territorio.
A pesar da posta en marcha do transporte metropolitano na área de Ferrol en marzo de 2011, valórase negativamente a conectividade entre as distintas localidades e a conexión de transporte público entre os principais núcleos de poboación e os polígonos industriais, percibíndose como un problema importante o retraso acumulado na execución do corredor costeiro para as Rías Altas. Asemade, enténdese que o prezo da AP-9 é un freo para o desenvolvemento da actividade económica.

D.7.- Deficiencias na rede de infraestruturas ferroviarias e da conexión intermodal.

Dende o punto de vista das infraestruturas de transporte considéranse dous grandes problemas. Dunha banda, a inexistente liña de ferrocarril de mercadorías e a moi deficitaria rede de ferrocarril de pasaxeiros.

Doutra, o escaso desenvolvemento das infraestruturas que favorezan a intermodalidade. Neste senso, os sectores empresariais de Ferrol e a súa área de influencia amósanse expectantes sobre a conexión cos portos exteriores de Ferrol e A Coruña e sobre a posta en marcha de plans estratéxicos de uso que inclúan dispositivos multimodais como portos secos, ferrocarril de mercadorías, zonas de actividades loxísticas...

• Innovación e internacionalización

D.8.- Reducida actividade dos centros tecnolóxicos públicos e inexistencia de centros tecnolóxicos privados de I+D+i.

Considérase que Ferrol e a súa área de influencia está mal provista de centros tecnolóxicos públicos e privados, correspondendo a valoración máis negativa á outorgada por parte dos alcaldes/concelleiros (1,7 e 2,2 puntos sobre dez, respectivamente) e a máis elevada ás asociacións (4,2 no caso dos públicos e 4,1 puntos no concernente aos centros privados).
D.9.- Valoración negativa da relación coa Universidade e a actividade de I+D+i.

Esta percepción negativa despréndese do feito de que entre as cinco accións que se consideran máis urxentes ou prioritarias atópase a de potenciar a I+D+i e a relación doa Universidade.

• Contexto económico xeral e actividade empresarial

D.10.- Elevada porcentaxe de poboación en

situación de risco de pobreza ou exclusión social no concello de Ferrol.

A taxa de risco ou exclusión social na área de Ferrol sitúase no 20% no ano 2014 (último dato dispoñible), ocupando un lugar intermedio entre as áreas consideradas na *Enquisa de condicións de vida das familias*. Non obstante, entre os sete grandes concellos galegos en termos de poboación, o de Ferrol é quen presenta os datos máis negativos, cunha taxa de case o 26%.

D.11.- Elevada importancia relativa das prestacións como principal vía de ingresos.

Vinculado á debilidade anterior, a pesar do descenso experimentado no último ano, os ingresos derivados das prestacións mantéñense no concello de Ferrol por riba do 40%, superando en 2014 o 43%.

D.12.- Volume de débeda viva por habitante superior á media galega.

O volume de débeda por habitante no conxunto de concellos de Ferrol e a súa área de influencia presenta un nivel superior ao rexistrado na Comunidade Autónoma e na provincia de A Coruña. A pesar do descenso rexistrado dende o ano 2013 nos devanditos ámbitos territoriais, entre os anos 2008 e 2015 a área de influencia de Ferrol presenta unha medra superior ao 1%, o que contrasta cos importantes descensos tanto en Galicia como a nivel provincial.

D.13.- Elevada concentración da actividade produtiva en termos de facturación e xeración de valor engadido.

A excesiva dependencia socioeconómica na evolución de poucos sectores produtivos representa, dende un punto de vista territorial, unha importante posición de debilidade en tanto que un comportamento negativo de ditas ramas de actividade incide na evolución doutros sectores e, en xeral, no conxunto da actividade económica e social dun territorio. Neste senso, máis do 40% dos ingresos de explotación corresponden ás empresas de fundición de aceiro e un 11% ás empresas de preparación de leite e outros produtos lácteos. En termos de valor engadido bruto, as actividades loxística e transporte, e as relacionadas coa construción acaparan máis do 35% do veb xerado en Ferrolterra.

D.14.- Forte contracción da industria da construción naval.

As diferentes reconversións industriais dende os anos 80, o veto da construción civil en Navantia ata o ano 2014, o forte impacto da crise económico a partir do ano 2008 e o carácter cíclico do sector naval e a súa industria auxiliar repercutiu negativamente na actividade produtiva e na carteira de pedidos dos estaleiros de Ferrol e a súa área de influencia.

Precisamente a carga de traballo oscilante tanto para o sector naval como para a industria auxiliar é percibida, segundo os resultados da enquisa, como a debilidade máis importante do tecido empresarial.

D.15.- Deterioro urbanístico da cidade de Ferrol.

Oportunidades

No concernente aos factores esóxenos, o **cadro 4.4.** reflicte once aspectos que se poden considerar como oportunidades ao referirse a factores dos que os axentes locais se poden beneficiar adoptando estratexias axeitadas. Entre estes factores, cinco céntranse en elementos vinculados co territorio, infraestruturas e equipamentos; un á innovación e á internacionalización empresarial; e cinco refírense a aspectos relativos ao contexto económico e na actividade empresarial.

Oportunidades

Territorio, infraestruturas e equipamentos

O.1.- Aprobación da Lei de solo (Lei 2/2016 de 10 de febreiro).

O.2.- Bonificación do 50% no prezo do solo nos parques empresariais de As Somozas e Pontedeume.

O.3.- Construción da conexión por ferrocarril ao porto exterior de Ferrol.

O.4.- Integración do porto de A Coruña como porto nodal na Rede Europea de Transporte.

O.5.- Nova ordenación do transporte público de Galicia

Innovación e internacionalización

O.6.- Perspectivas positivas de ampliar a capacidade de exportación.

Contexto económico xeral e actividade empresarial

O.7.- Aprobación da Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0.

O.8.- Empresas e autónomos son percibidos como principais entidades obxectivo para as políticas de crecemento.

O.9.- Levantamento do veto da construción civil en Navantia.

O.10.- Aposta polo sector naval, a enerxía e a industria auxiliar como principais impulsores do crecemento económico a medio e longo prazo.

O.11.- Diversificación cara novos sectores industriais aproveitando o tecido empresarial xa existente.

4.4.

• Territorio, infraestruturas e equipamentos

O.1.- Aprobación da Lei de solo (Lei 2/2016 de 10 de febreiro).

Esta pode supoñer unha oportunidade tendo en conta que, entre outros aspectos positivos, supón un esforzo para avanzar na simplificación e axilización administrativa; unha reorientación do modelo de desenvolvemento, dende un baseado no crecemento cara a outro máis sustentable, orientado ao fomento da rehabilitación, renovación e rexeneración urbana; e a introdución dun plan básico autonómico, que proporciona un instrumento útil de planeamento aos municipios cuxo reducido tamaño limita severamente a dispoñibilidade de recursos para o desenvolvemento de plans propios, malia as consideracións referentes ao seu alcance que se formulan no ditame 2/2015 sobre o anteproxecto de Lei do solo de Galicia elaborado polo CES.

O.2.- Bonificación do 50% no prezo do solo nos parques empresariais de As Somozas e Pontedeume.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) aprobou en maio de 2015 as bonificacións que se aplicarán nos prezos dos parques empresariais propiedade deste organismo no próximo concurso de venda, cumprindo co establecido no Decreto 63-2015, do 23 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do solo empresarial xestionado polo IGVS (DOG 27-4-2015). No que se refire aos parques que están en Ferrolterra, contémplase unha bonificación do 50% nos parques de As Somozas e de Pontedeume.

O.3.- Construción da conexión por ferrocarril ao porto exterior de Ferrol.

Como se reflicte na Memoria anual 2015 da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, a finalización deste proxecto permitiría explotar ao máximo a capacidade da infraestrutura portuaria e incrementaría a mobilidade de persoas e mercadorías ao conectar ao porto coa rede transeuropea de

ferrocarril. Asemade, permitiría o desenvolvemento de actividades portuarias que xeran maior crecemento económico e emprego.

O.4.- Integración do porto de A Coruña como porto nodal na Rede Europea de Transporte.

A súa inclusión favorecerá obter un elevado volume de investimentos que permitirá unha mellor conexión coas principais rutas de comercio internacional. Hai que ter en conta que un adecuado desenvolvemento das redes de comunicación e loxísticas é un factor para a competitividade co tecido empresarial de toda a área de influencia do porto de A Coruña.

O.5.- Nova ordenación do transporte público de Galicia.

En outubro de 2016 a Xunta de Galicia inicia unha nova revisión do mapa de servizos de transporte público para adaptalo ás necesidades sociais e territoriais da Comunidade Autónoma e incorporar nel as posibilidades das novas tecnoloxías e dos novos modos de transporte.

Esta nova planificación, que deberá estar plenamente operativa en 2020, integrará servizos baixo demanda co obxectivo prioritario de mellorar a mobilidade no rural. Neste caso, deberase determinar tanto rutas regulares de prestación continua como rutas regulares previamente establecidas que só se prestan nos días ou horarios nos que existe demanda. Asemade, o Plan deberá establecer as canles polos que o cidadán poderá solicitar o servizo de transporte regular (sistema de "reserva").

• Innovación e internacionalización

O.6.- Perspectivas positivas de ampliar a capacidade de exportación.

Atendendo ao ámbito de actividade actual das empresas da área e ás súas perspectivas de futuro, percíbese unha maior dispoñibilidade a ampliar a capacidade de exportación das empresas, que loxicamente son maiores a medida que aumenta o tamaño empresarial.

• Contexto económico xeral e actividade empresarial

O.7.- Aprobación da Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0.

Tendo en conta os marcos estratéxicos europeos, estatais e autonómicos, a Axenda de Competitividade constitúe o Plan Director da Industria de Galicia para o período 2015-2020. Entre os sete sectores estratéxicos contemplados neste documento están recollidos tres de especial relevancia en Ferrol e a súa área de incidencia: o naval/industria marítima, as enerxías renovables, e o complexo madeira/forestal.

O.8.- Empresas e autónomos son percibidos como principais entidades obxectivo para as políticas de crecemento.

Os datos da enquisa indican que o principal organismo facilitador para o desenvolvemento económico da área son as empresas (60,8%), seguido polos autónomos (38,6%).

O.9.- Levantamento do veto da construción civil en Navantia.

Valórase moi positivamente a confirmación por parte da Comisión Europea (setembro de 2014) do fin do veto da construción civil en Navantia a partir de xaneiro de 2015, o que facilitará aproveitar novos nichos de mercado.

O.10.- Aposta polo sector naval, a enerxía e a industria auxiliar como principais impulsores do crecemento económico a medio e longo prazo.

Ameazas

Formación e capital humano

A.1.- A evolución demográfica non é homoxénea a nivel interno entre os distintos concellos da área.

A.2.- Paulatino proceso de envellecemento da poboación.

A.3.- Estrutura da pirámide poboación da área de influencia de Ferrol menos favorable que no conxunto de Galicia.

A.4.- Caída xeneralizada do número de afiliacións á Seguridade Social.

A.5.- Evolución da taxa de paro.

Territorio, infraestruturas e equipamentos

A.6.- Incerteza sobre o futuro das comarcas que definen a área de influencia de Ferrol.

A.7.- Negativa percepción das infraestruturas medioambientais relacionadas co saneamento da Ría de Ferrol.

A.8.- Deficiencias na rede de infraestruturas ferroviarias e da conexión intermodal.

Contexto económico xeral e actividade empresarial

A.9.- Insuficiente Plan de Emprego adaptado á realidade específica do territorio.

A.10.- Excesiva burocracia que impide a creación, funcionamento e consolidación de empresas e autónomos.

A.11.- Deficiente conexión a internet no medio rural.

4.5.

Considérase que estes tres sectores son os de maior futuro para o desenvolvemento de Ferrol e a súa área de influencia, seguido do turismo e o sector primario.

Cómpre resaltar a adxudicación en 2016 do contrato para a construción de dous buques para a Armada australiana.

O.11.- Diversificación cara novos sectores industriais aproveitando o tecido empresarial xa existente.

Segundo os datos da enquisa demándase unha prospección de novos nichos de mercado. Neste senso cómpre destacar, entre outros aspectos, o potencial de crecemento de novos nichos de mercado como o vinculado á enerxía eólica.

Ameazas

Finalmente, no que atinxe ás ameazas, o **cadro 4.5.** reflicte un total de once factores, dos que cinco céntranse en elementos vinculados á formación e capital humano, tres vinculados ao territorio, infraestruturas e equipamentos; e os tres restantes refírense a aspectos relativos ao contexto económico e na actividade empresarial.

- **Formación e capital humano**

A.1.- A evolución demográfica non é homoxénea a nivel interno entre os distintos concellos da área.

Se ben é certo que dezasete dos vinte concellos de Ferrolterra presentan un descendo da súa poboación empadroada dende o comezo da crise, rexístranse importantes diferenzas entre uns concellos e outros. Dunha banda, Narón presenta un forte crecemento debido fundamentalmente ao salda migratorio positivo, en tanto que Ferrol e Ortigueira rexistran unha acusada caída.

A.2.- Paulatino proceso de envellecemento da poboación.

Tanto Galicia como a provincia de A Coruña e Ferrolterra presentan un progresivo incremento do índice de envellecemento, sendo este sensiblemente máis acusado no

caso de Ferrol e a súa área de influencia. Esta evolución negativa supón que, en termos netos, a cantidade de persoas novas que se incorporan ao mercado de traballo non permite compensar o número de persoas que superan os 64 anos e se van xubilando.

Esta situación, unida ao incremento da esperanza media de vida e á evolución do mercado de traballo incide negativamente no actual sistema de pensións da Seguridade social.

A.3.- Estrutura da pirámide poboación da área de influencia de Ferrol menos favorable que no conxunto de Galicia.

A distribución da pirámide de poboación de Ferrol e a súa área de influencia por grupos de idade presenta unha base máis reducida e unha zona central máis estreita que no caso da Comunidade Autónoma, o que reflicte unha menor dispoñibilidade de poboación potencialmente activa, especialmente importante no caso da xente nova que é a que presenta un maior nivel formativo.

A.4.- Caída xeneralizada do número de afiliacións á Seguridade Social.

A caída da actividade empresarial, os saldos migratorios negativos e a evolución da estrutura demográfica reflíctese nunha caída xeneralizada do número de afiliacións á Seguridade Social entre os anos 2007 e 2014, incrementándose no ano 2015 por mor da evolución das afiliacións entre as persoas maiores de 50 anos.

A.5.- Evolución da taxa de paro.

O impacto da crise económica está a ter unha maior repercusión no mercado de traballo de Ferrol e a súa área de influencia que no conxunto de Galicia a pesar dos distintos plans posto en marcha. Neste senso, entre os anos 2010 e 2015 a taxa de paro no concello de Ferrol aumentou en máis de oito puntos porcentuais -acada o 26,2% no último ano- fronte aos catro puntos en Galicia (19,3% no último ano). Con todo, entre os dous anos considerados as contratacións rexistradas aumentaron en Ferrolterra lixeiramente por riba do experimentado na Comunidade Autónoma (30,6% e 29%, respectivamente). O maior impacto negativo reflíctese no feito que dende o comezo da crise económica no ano 2008 as contratacións descenderon en Ferrolterra un 6,5% fronte ao incremento experimentado no conxunto de Galicia (10,5%).

• Territorio, infraestruturas e equipamentos

A.6.- Incerteza sobre o futuro das comarcas que definen a área de influencia de Ferrol.

Percíbese un volume moi representativo de incerteza sobre o futuro das comarcas que integran Ferrolterra. Asemade, dos tres concellos máis destacados da área, o municipio de Ferrol presenta unha percepción bastante negativa en relación ao futuro, cunha valoración de 3,4 puntos sobre 10, valorando o concello de As Pontes a súa situación actual mellor que as súas perspectivas de futuro. Tan só Narón presenta unha valoración superior a cinco puntos (sobre dez) no que atinxe ás perspectivas de futuro do municipio.

A.7.- Negativa percepción das infraestruturas medioambientais relacionadas co saneamento da Ría de Ferrol.

A pesar dos investimentos realizados neste ámbito, considérase necesario finalizar as instalacións que se están a realizar e mellorar a rede saneamento actual, xa que a calidade da auga ameaza ao sector marisqueiro na ría de Ferrol.

A.8.- Deficiencias na rede de infraestruturas ferroviarias e da conexión intermodal.

No eido das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento das comarcas saliéntanse como principais carencias as relativas á rede de ferrocarril tanto para mercadorías como pasaxeiros, así como a necesidade dun aumento da conectividade.

● Contexto económico xeral e actividade empresarial.

A.9.- Insuficiente Plan de Emprego adaptado á realidade específica do territorio.

A pesar dos distintos plans postos en marcha na área, segue considerándose como prioritario un Plan de emprego adecuado ás necesidades reais de Ferrolterra.

A.10.- Excesiva burocracia que impide a creación, funcionamento e consolidación de empresas e autónomos.

Xunto ao apartado anterior, resáltase a excesiva carga burocrática á hora de por en marcha unha empresa, así como para a consolidación das mesmas. Neste senso, como segunda medida prioritaria, moi próxima á necesidade dun Plan de Emprego estarían aquelas actuacións dirixidas a facilitar a burocracia para a creación, funcionamento e consolidación de empresas e autónomos.

A.11.- Deficiente conexión a internet no medio rural.

Os problemas de conexión a unha rede de telecomunicacións de calidade dificulta a viabilidade de incipientes negocios establecidos no rural e centrados principalmente no sector primario. Isto explicaría en parte que o sector da alimentación (ligado ao sector primario e de distribución) perciba unhas perspectivas de futuro moi malas (3,8) con respecto á valoración que fan da situación actual. ❑